

## A lingua galega en Internet

Xavier Gómez Guinovart  
Universidade de Vigo

*"Nunca fue la nuestra lengua de imposición, sino de encuentro; a nadie se le obligó nunca a hablar en castellano: fueron los pueblos más diversos quienes hicieron suyo por voluntad libérrima, el idioma de Cervantes"*

Juan Carlos I, rei de España. Discurso lido no acto de entrega do Premio Cervantes a Francisco Umbral. Alcalá de Henares, 23 de abril de 2001<sup>1</sup>

### 1. Introducción<sup>2</sup>

Dentro dos estudos poscoloniais, os usos e procesos lingüísticos ligados á colonización constitúen, desde o inicio desta disciplina, un obxecto de estudio e reflexión de crucial importancia dado que, as máis das veces, a colonización implica colonialismo lingüístico, minoración da lingua do pobo colonizado e substitución lingüística. Polo xeral, o poder colonizador canaliza a imposición da súa lingua mediante estratexias coercitivas *de iure*<sup>3</sup> ou *de facto* dirixidas a favorecer a suplantación lingüística nos eidos máis "linguosensibles" da vida pública do pobo colonizado: a administración, a cultura, os medios de comunicación, o culto relixioso e a instrución na escola<sup>4</sup>.

En *Decolonising the Mind* (1986), un dos libros máis reeditados sobre a cuestión da lingua no mundo poscolonial, o escritor kikuiu Ngugi wa Thiong'o reflexiona sobre a relación existente entre colonialismo e sometemento lingüístico. Para Ngugi, a lingua e

---

<sup>1</sup> O discurso íntegro está dispoñible en <http://www.casareal.es/casareal/cervadi1.html>.

<sup>2</sup> Quero manifestar o meu agradecemento a Alberto Álvarez Lugrís e a Ana Luna Alonso pola atenta revisión que fixeron dunha primeira versión deste texto e polas súas valiosas observacións.

<sup>3</sup> No ámbito do Estado español, a maior parte das leis, decretos e normas elaboradas para impoñer o uso do castelán poden ser consultadas gracias ó documentado traballo de Ferrer i Gironès (1985).

<sup>4</sup> Abundan os testemuños biográficos da terrible influencia da instrución escolar na constitución das actitudes lingüísticas da poboación colonizada. Como mostra, velaquí dous exemplos. O primeiro, autobiográfico, do kenyano Ngugi wa Thiong'o: "Thus one of the most humiliating experiences was to be caught speaking Gikuyu in the vicinity of the school. The culprit was given corporal punishment —three to five strokes of the cane on bare buttocks— or was made to carry a metal plate around the neck with inscriptions such as I AM STUPID or I AM A DONKEY. Sometimes the culprits were fined money they could hardly afford. And how did the teachers catch the culprits? A button was initially given to one pupil who was supposed to hand it over to whoever was caught speaking his mother tongue. Whoever had the button at the end of the day would sing who had given it to him and the ensuing process would bring out all the culprits of the day. Thus children were turned into witch-hunters and in the process were being taught the lucrative value of being a traitor to one's immediate community" (1986:11). O segundo exemplo é do galego Alfonso R. Castelao, recollido no seu libro *Sempre en Galiza*: "Chega un mestre andaluz a unha escola galega. O mestre non entende a fala dos nenos, e os nenos non entenden a fala do mestre. O mestre dibuxa unha cunca no encerado e preguntalle a un neno: '¿Cómo se yama lo que acabo e dibujá?'. O neno non contesta. Entón o mestre andaluz quer axudalo: 'Te a ta; seta a sa...'. E o neno contesta: 'Cunca'. Entón o mestre, que non sabe o que dixo o rapaz, ceiba unha gargallada... Esta gargallada, de aparente inocuidade, é, non embargantes, un tiro que o neno recibe no centro máis nobre do seu espírito, unha ferida cicáis incurable" (101). Unha anécdota semellante aparece recollida en Soto 1983:12.

a cultura dunha comunidade son inseparables<sup>5</sup>. Daquela, a perda da lingua dunha comunidade comporta a perda da cultura específica desa comunidade, isto é, a desaparición da súa historia específica, do seu carácter específico, do seu xeito específico de entender o mundo e de relacionarse con el. O sometemento da lingua dun pobo colonizado polas linguas das nacións colonizadoras constitúe a cerna do control do universo mental das persoas que forman parte do pobo asoballado<sup>6</sup>. O combate pola derrogación do estado colonial de sometemento lingüístico é, desde este punto de vista, un aspecto primordial da resistencia anticolonial. Nesta perspectiva, o coñecido abandono do inglés en prol do idioma kikuiu por parte de Ngugi, como un xeito de autodescolonización individual, constitúe un emblema da reacción contra o colonialismo lingüístico en todo o mundo (Junyent 1996, Roy 1995).

O punto de vista de Ngugi non é o único sobre a cuestión da linguaxe no poscolonialismo, e contrasta fortemente con actitudes coma as de Chinua Achebe<sup>7</sup> ou Salman Rushdie, que reivindicán a apropiación da lingua colonial por parte do pobo colonizado como estratexia de resistencia contra a colonización, considerando pouco útil, pouco interesante ou simplemente imposible a recuperación da vitalidade lingüística das linguas colonizadas autóctonas<sup>8</sup>. Este proceso de apropiación, de acordo co modelo descrito en *The Empire Writes Back* por Ashcroft, Griffiths e Tiffin (1989:38-115), consiste en adaptar de diversas maneiras a lingua colonial á experiencia cultural do pobo colonizado, e implica a abrogación ou negación dos dereitos da metrópole sobre os desposos da súa lingua espallados polo imperio. As formas lingüísticas que pode adoptar esta adaptación son múltiples, desde o uso da lingua colonial estándar aliñada con expresións de lixeiro sabor local, ata as variantes “híbridas” amplamente interferidas polos códigos lingüísticos nativos do pobo colonizado.

---

<sup>5</sup> “Thus a specific culture is not transmitted through language in its universality, but in its particularity as the language of a specific community with a specific history. Written literature and orature are the main means by which a particular language transmits the images of the world contained in the culture it carries ... Language carries culture, and culture carries, particularly through orature and literature, the entire body of values by which we perceive ourselves and our place in the world. How people perceive themselves affects how they look at their culture, at their politics and at the social production of wealth, at their entire relationship to nature and to other beings. Language is thus inseparable from ourselves as a community of human beings with a specific form and character, a specific history, a specific relationship to the world” (Ngugi 1986:15-16).

<sup>6</sup> “Colonialism imposed its control of the social production of wealth through military conquest and subsequent political dictatorship. But its most important area of domination was the mental universe of the colonised, the control, through culture, of how people perceived themselves and their relationship to the world. Economic and political control can never be complete without mental control. To control a people’s culture is to control their tools of self definition in relationship to others. For colonialism this involved two aspects of the same process: the destruction or the deliberate undervaluing of a people’s culture, their art, dances, religions, history, geography, education, orature and literature, and the conscious elevation of the language of the coloniser. The domination of a people’s language by the languages of the colonising nations was crucial to the domination of the mental universe of the colonised” (Ngugi 1986:16).

<sup>7</sup> Para unha revisión actualizada dos argumentos enfrontados de Ngugi e Achebe, véxase o ensaio de Ogundele (2001).

<sup>8</sup> “The real question is not whether Africans *could* write in English but whether they *ought* to. Is it right that a man should abandon his mother tongue for someone else’s? It looks like a dreadful betrayal and produces a guilty feeling. But for me there is no other choice. I have been given this language and I intend to use it. ... I feel that the English language will be able to carry the weight of my African experience. But it will have to be a new English, still in full communion with its ancestral home but altered to suit its new African surroundings” (Achebe 1975).

Neste traballo, parto da consideración de que o ciberespacio de Internet é un espacio propicio para o neocolonialismo contemporáneo globalista, homoxeneizador e lingüicida (Ngugi 1993, McFaul 2001, Phillipson 1992, 1998). Fronte á presión do imperialismo lingüístico do inglés e do castelán no terreo do ciberespacio, as linguas ameazadas<sup>9</sup> deben elaborar políticas de resistencia individuais e colectivas que, no caso do galego, pasan polo fortalecemento do uso do galego en Internet e pola elaboración e aplicación de medidas institucionais de planificación lingüística e cultural para a sociedade de información (Romero e Vaquero 2001). O meu propósito é analizar a condición da lingua galega en Internet na súa dobre contenda co inglés e co castelán por un espacio de seu, examinar as semellanzas sociolingüísticas entre a situación do galego en Galicia e a situación do galego en Internet, e considerar a incidencia de Internet, como epítome da globalización, no futuro do galego.

## 2. O espacio do galego en Internet

### 2.1. O tamaño da Web en lingua galega

En primeiro lugar, vou tentar describir en qué situación se atopa a lingua galega no ciberimperio anglófono de Internet. Existen dous problemas metodolóxicos moi serios que impiden medir con exactitude cal é o espacio real que ocupa a lingua galega en Internet, mesmo se nos limitamos á arañeira de sitios e páxinas que conforman o sector da Internet bautizado como World Wide Web e, xa que logo, excluimos da análise os contidos das novas (*news*) e os transmitidos por correo electrónico, contidos dunha magnitude total probablemente moi superior á da World Wide Web. O principal problema metodolóxico é que o tamaño mesmo da World Wide Web é descoñecido. Así, mentres que o número total de páxinas web calculado pola empresa consultora Cyveillance en xullo de 2000 era de 2.100 millóns de páxinas, cun crecemento aproximado de 7 millóns de páxinas novas ó día (Murray e Moore 2000); para Bergman (2001) existe unha Web invisible que contén uns 550.000 millóns de páxinas e que é unhas 500 veces maior cá Web visible (é dicir, có sector da Web detectado polos buscadores de Internet) que Bergman sitúa por riba dos 1.000 millóns de páxinas.

O segundo gran problema metodolóxico (relacionado co primeiro, aínda que distinto) é que tamén é descoñecido o número de páxinas web redactadas en galego. Por un lado, non todas as páxinas en galego están indexadas polos buscadores de Internet, de xeito que a súa localización pode non ser doada, formando parte da Web invisible mencionada por Bergman (2001). Por outro lado, as técnicas automáticas de identificación de lingua, moi eficientes noutro tipo de contextos, atópanse en graves dificultades para determinar sempre de maneira acertada cando unha páxina web está redactada principalmente en galego, o que fai que a súa catalogación automatizada por

---

<sup>9</sup> Sobre o concepto de lingua ameazada, véxase a seguinte definición de Wurm (2001a:9): “Languages whose children speakers begin to learn their parents’ language imperfectly or not at all, are beginning to be threatened, i.e. *potentially endangered*. When they grow into young adulthood with an imperfect, or rudimentary, or non-existent knowledge of it, their original language is said to be *endangered*. If the decay of the language continues, and the youngest speakers are part middle-age, the language is said to be *seriously endangered*. If, in the end, only a few aged speakers are left, the language is said to be *moribund* or *terminally endangered*. If there are no speakers left, the language is *extinct*”. Segundo o último informe sobre linguas en perigo de extinción elaborado pola Unesco (Wurm 2001b), o galego estaría no segundo destes niveis de perigo (isto é, *endangered*).

idiomas (por parte daqueles buscadores que dispoñan desta opción e incorporen o galego) non estea exenta de erros.

Coa intención de paliar estas limitacións, o método utilizado neste traballo para observar a situación do galego en Internet consistiu en extraer os datos relativos ó tamaño da Web e ó número de páxinas por lingua dun mesmo buscador, de xeito que polo menos ambos os dous datos estivesen baseados nun mesmo universo de estudio. O produto escollido foi o buscador Alltheweb ([www.alltheweb.com](http://www.alltheweb.com)) por dúas razóns: a representatividade do conxunto de páxinas web indexadas (o 26 de marzo de 2002, 729 millóns de páxinas en 46 linguas<sup>10</sup>, incluído o galego), e a inclusión do galego entre as linguas utilizadas para catalogar este conxunto. Significativamente, Alltheweb constitúe, no momento da extracción dos datos, o único buscador internacional que inclúe o galego entre as súas linguas de busca.

A Táboa 1 recolle o número de páxinas por lingua indexadas en Alltheweb. A lingua con maior número de páxinas é, como era de agardar, o inglés, que conta con 60% do total das páxinas. A continuación, as dúas linguas con máis páxinas despois do inglés son o alemán (7%) e o xaponés (preto do 6%), dúas linguas representantes de dúas grandes potencias económicas mundiais. Tras elas, cunha porcentaxe de entre o 2 e o 3'6%, aparecen o chinés (3'6%), o francés (3'3%), o coreano (2'7%), o ruso (2'6%), o castelán (2'2%) e o italiano (2%), todas elas linguas cun elevado número de falantes e faladas en estados con certo poder político e económico no mundo actual. A seguir, cunha porcentaxe de entre 1 e 1'7%, sitúanse o portugués (1'7%), o neerlandés (1'5%) e o polaco (1%). E, para rematar o grupo de linguas que van á cabeza, con máis de 3 millóns de páxinas por lingua, resulta interesante sinalar que, entre 0'4 e 0'9%, están agrupadas outras tres linguas xermánicas<sup>11</sup>, o sueco (0'9%), o dinamarqués (0'6%) e o noruegués (preto do 0'5%), a carón do checo (0'8%) e do finés (0'4%). O galego aparece no posto trixésimo sétimo, con 98.998 páxinas e o 0'014% das páxinas da araña, inmediatamente seguido polo euskara (0'011%).

Lingua	Páxinas	% total
1 Inglés	442.670.131	60'727%
2 Alemán	51.281.028	7'035%
3 Xaponés	43.197.331	5'926%
4 Chinés	26.243.258	3'600%
5 Francés	24.631.376	3'379%
6 Coreano	20.402.690	2'799%
7 Ruso	19.603.669	2'689%
8 Castelán	16.429.978	2'254%
9 Italiano	15.137.909	2'077%
10 Portugués	12.520.979	1'718%
11 Neerlandés	11.174.548	1'533%
12 Polaco	7.461.128	1'024%
13 Sueco	6.557.647	0'900%
14 Checo	5.938.719	0'815%
15 Dinamarqués	5.029.129	0'690%
16 Noruegués	3.640.829	0'499%

<sup>10</sup> As táboas seguintes, cos datos tirados de Alltheweb o día 26/03/02, incorporan só 45 linguas, porque elimino a lingua latina (47.730 páxinas), como lingua morta, dos cómputos de páxinas por idioma.

<sup>11</sup> As seis primeiras linguas xermánicas da clasificación (inglés, alemán, neerlandés, sueco, dinamarqués e noruegués) totalizan máis do 70% do volume mundial de páxinas en Internet indexadas en Alltheweb.

17	Finés	3.020.679	0'414%
18	Eslovaco	1.970.147	0'270%
19	Húngaro	1.912.618	0'262%
20	Turco	1.514.329	0'208%
21	Tai	855.328	0'117%
22	Estoniano	811.140	0'111%
23	Catalán	681.768	0'094%
24	Esloveno	680.796	0'093%
25	Grego	647.655	0'089%
26	Indonesio	596.759	0'082%
27	Ucráino	587.857	0'081%
28	Croata	520.752	0'071%
29	Hebreo	513.969	0'071%
30	Islandés	441.054	0'061%
31	Romanés	419.160	0'058%
32	Árabe	379.710	0'052%
33	Lituano	328.490	0'045%
34	Búlgaro	318.740	0'044%
35	Malaio	193.558	0'027%
36	Letón	156.178	0'021%
37	Galego	98.998	0'014%
38	Euskara	80.271	0'011%
39	Afrikaans	71.867	0'010%
40	Vietnamita	48.436	0'007%
41	Bielorruso	43.563	0'006%
42	Galés	42.716	0'006%
43	Feroés	37.343	0'005%
44	Albanés	32.952	0'005%
45	Frisón	20.972	0'003%
	<b>Totais:</b>	<b>728.948.154</b>	<b>100%</b>

Táboa 1: Páxinas por lingua en Alltheweb

## 2.2. Páxinas por falante do mundo

O número de páxinas na web constitúe un índice significativo da presenza dunha lingua en Internet. Con todo, a relevancia deste índice é moito maior cando se combina co tamaño da poboación falante de cada lingua. De novo, atopámonos diante dun problema metodolóxico de difícil resolución, xa que o número exacto de falantes de cada lingua é un dato obxectivamente descoñecido, e científica e socialmente controvertible. A solución adoptada para paliar o problema foi incorporar este dato no estudo seguindo un único criterio e, tendo en conta a súa difusión e consideración, tirei o número de falantes en cada lingua da versión para Internet da 14ª edición do catálogo de linguas *Ethnologue* (Grimes 2000), que contén un dos cómputos de falantes máis utilizados nos estudos de lingüística.

A Táboa 2 recolle esta proporción entre a cantidade de páxinas web nunha lingua e a cantidade de falantes desa lingua, calculada mediante unha simple división do número de páxinas polo número de falantes. O resultado é un índice de número de páxinas por falante, é dicir, un índice da cantidade de información e contidos web ós que pode acceder unha persoa na súa propia lingua. De acordo cos datos recompilados, os doce primeiros postos, para os índices máis elevados de páxinas web por falante, son para a

lingua inglesa (1'298 páxina por falante) e para as linguas estatais de países do norte e do centro de Europa: islandés (1'764), dinamarqués (0'944), feroés (0'795), estoniano (0'737), sueco (0'729), noruegués (0'728), neerlandés (0'559), alemán (0'513), finés (0'503), checo (0'495) e eslovaco (0'351)<sup>12</sup>.

Consonte este índice, moitas linguas “importantes” descenden considerablemente na súa clasificación en relación ó seu lugar obtido na lista de páxinas web por lingua. O caso máis rechamante é o do chinés, que descende 28 postos, pasando de ser a cuarta lingua en número de páxinas web á trixésimo segunda lingua en proporción de páxinas por falante. Tamén son moi salientables os descensos de 21 postos do castelán (que baixa da oitava posición á vixésimo novena), de 17 postos do portugués (do décimo ó vixésimo sétimo) e de 14 postos do ruso (do sétimo ó vixésimo primeiro).

Pola contra, moitas linguas minoritarias ascenden na clasificación. Entre os casos máis destacables, o feroés sobe 39 postos (do cuadraxésimo terceiro ó cuarto); o islandés, 29 (do trixésimo ó primeiro); o galés, 20 (do cuadraxésimo segundo ó vixésimo segundo) e o euskara, 19 (do trixésimo oitavo ó décimo noveno). Neste índice, a lingua galega non sofre variacións de clasificación con respecto ó anterior, manténdose no trixésimo sétimo lugar, cunha proporción de 0'025 páxinas web por falante.

Lingua	Páxinas	Falantes	P/F
1 Islandés	441.054	250.000	1'764
2 Inglés	442.670.131	341.000.000	1'298
3 Dinamarqués	5.029.129	5.326.000	0'944
4 Feroés	37.343	47.000	0'795
5 Estoniano	811.140	1.100.000	0'737
6 Sueco	6.557.647	9.000.000	0'729
7 Noruegués	3.640.829	5.000.000	0'728
8 Neerlandés	11.174.548	20.000.000	0'559
9 Alemán	51.281.028	100.000.000	0'513
10 Finés	3.020.679	6.000.000	0'503
11 Checo	5.938.719	12.000.000	0'495
12 Eslovaco	1.970.147	5.606.000	0'351
13 Xaponés	43.197.331	125.000.000	0'346
14 Esloveno	680.796	2.000.000	0'340
15 Francés	24.631.376	77.000.000	0'320
16 Coreano	20.402.690	78.000.000	0'262
17 Italiano	15.137.909	62.000.000	0'244
18 Polaco	7.461.128	44.000.000	0'170
19 Euskara	80.271	580.000	0'138
20 Húngaro	1.912.618	14.500.000	0'132
21 Ruso	19.603.669	167.000.000	0'117
22 Letón	156.178	1.500.000	0'104
23 Catalán	681.768	6.565.000	0'104
24 Hebreo	513.969	5.150.000	0'100
25 Lituano	328.490	4.000.000	0'082
26 Galés	42.716	580.000	0'074
27 Portugués	12.520.979	176.000.000	0'071
28 Grego	647.655	12.000.000	0'054

<sup>12</sup> Vehovar et al. (1998) establecen unha relación entre, por unha banda, o alto índice de penetración da web nos países do norte e do centro de Europa e, por outra banda, o seu desenvolvemento económico elevados e alto grao de escolarización en lingua inglesa.

29	Castelán	16.429.978	340.000.000	0'048
30	Tai	855.328	22.500.000	0'038
31	Búlgaro	318.740	9.000.000	0'035
32	Chinés	26.243.258	874.000.000	0'030
33	Frisón	20.972	741.000	0'028
34	Indonesio	596.759	23.500.000	0'025
35	Turco	1.514.329	61.000.000	0'025
36	Croata	520.752	21.000.000	0'025
37	Galego	98.998	4.000.000	0'025
38	Romanés	419.160	26.000.000	0'016
39	Ucraino	587.857	47.000.000	0'013
40	Afrikaans	71.867	6.381.000	0'011
41	Malaio	193.558	18.000.000	0'011
42	Albanés	32.952	5.000.000	0'007
43	Bielorruso	43.563	10.200.000	0'004
44	Árabe	379.710	195.000.000	0'002
45	Vietnamita	48.436	68.000.000	0'001
			<b>Media:</b>	0'242
	<b>Totais:</b>	728.948.154	3.012.526.000	

Táboa 2: Páxinas web por falante (global)

Centrándose nas tres linguas de uso na Cibergalicia (galego, castelán e inglés), e considerando os datos desde esta perspectiva mundial, a relación entre a proporción de páxinas por falante entre o galego e o inglés é de 1/52 (isto é, existirían 52 veces máis páxinas por falante en inglés ca en galego), e entre galego e o castelán é de 1/2 (exactamente 1/1'92, isto é, habería practicamente o dobre de páxinas por falante en castelán ca en galego). Esta relación entre a proporción de páxinas por falante do galego co inglés e co castelán, recollida na Táboa 3, calcúlase dividindo a proporción de páxinas por falante de cada lingua pola proporción de páxinas por falante do galego, e constitúe un índice da magnitude das diferencias entre a cantidade de información e contidos web ós que pode acceder unha persoa habitante da Cibergalicia en cada lingua: de xeito telegráfico, cincuenta veces máis en inglés ca en galego, dúas veces máis en castelán ca en galego.

Lingua	Páxinas	Falantes	P/F	P/F L2/Galego
Inglés	442.670.131	341.000.000	1'298	51'92
Castelán	16.429.978	340.000.000	0'048	1'92
Galego	98.998	4.000.000	0'025	1

Táboa 3: Páxinas en inglés, castelán e galego por falante (global)

### 2.3. Páxinas por habitante de Galicia

As relacións entre a proporción de páxinas por falante do galego co inglés e co castelán recollidas na Táboa 3, relativamente moderadas nas diferencias, varían considerablemente cando se reduce a escala de comparación do global ó local, e se analiza a situación desde o ámbito galego. Para esta nova comparación, de ámbito máis limitado, no canto do número mundial de falantes por lingua, vaise considerar o número de habitantes de Galicia, tomando este dato do Instituto Nacional de Estatística do Estado Español, segundo o cal a poboación galega a 1 de xaneiro de 1999 ascendía a

2.730.337 habitantes. A pregunta que se procura resolver agora é: ¿a cantas páxinas web en castelán pode acceder unha persoa habitante de Galicia, a cantas en galego e a cantas en inglés? Recollo os resultados desta nova análise na Táboa 4, onde se comproba que, dividindo o número de páxinas en cada lingua polo número de galegas e galegos, por cada páxina en galego á que pode acceder cada habitante de Galicia, pode acceder a 167 páxinas en castelán e a 4.503 en inglés. Xa que logo, a magnitude das diferencias entre a cantidade de información e contidos web ós que pode acceder en cada lingua unha persoa habitante de Galicia son moi superiores a nivel galego ca a nivel mundial: sucintamente, catro mil cincocentas veces máis en inglés ca en galego, cento setenta veces máis en castelán ca en galego.

Lingua	Páxinas	Páx/habitante	P/H L2/Galego
Inglés	442.670.131	162'130	4.503
Castelán	16.429.978	6'017	167
Galego	98.998	0'036	1

*Táboa 4: Páxinas en inglés, castelán e galego por habitante (Galicia)*

#### 2.4. Páxinas por falante de Galicia

Aínda se pode fiar máis delgado e tratar de analizar o número de páxinas por falante, xa non no ámbito global do planeta, senón no noso país, en Galicia. O número de páxinas por habitante (recollido na Táboa 4) é un índice sociolingüístico certamente pertinente, pero que non recolle o feito de que o galego é a lingua predominante de Galicia, non só por se tratar da lingua propia, senón por ser a lingua de uso maioritario. Facendo abstracción das tendencias evolutivas do galego (que seica apuntan á súa substitución polo castelán por mor da progresiva perda da transmisión lingüística familiar), e segundo os datos publicados no Mapa de Sociolingüística Galega (Seminario de Sociolingüística, 1995), en canto á súa lingua habitual a poboación galega pode caracterizarse como 38'7% monolingües en galego, 50'7% bilingües e 10'6% monolingües en castelán.

Daquela, para ponderar o índice do número de páxinas por habitante cos datos de uso lingüístico, tomaremos como factor de ponderación de uso do galego a suma da porcentaxe de monolingües en galego e de bilingües (isto é, o 89,4% da poboación: 2.440.921 falantes), e como factor de ponderación de uso do castelán a suma da porcentaxe de monolingües en castelán e de bilingües (isto é, 61,3% da poboación: 1.673.696 falantes). Recollo os resultados desta nova análise na Táboa 5, onde se observa que, tendo en conta a lingua habitual da poboación galega, o índice de páxinas na súa lingua por falante é 245 veces superior no caso do castelán ca no do galego, o que representa un incremento do 32% con respecto ó índice de páxinas por habitante (167/1 fronte a 245/1)



Lingua	Páxinas	Falantes (lingua habitual)	P/FLH	P/FLH L2/Galego
Castelán	16.429.978	1.673.696	9'816	245'4
Galego	98.998	2.440.921	0'040	1

Táboa 5: Páxinas por falantes, considerando a lingua habitual (Galicia)

### 3. O galego dentro e fóra de Internet

Dos datos anteriores despréndese que a situación de minoración (inferioridade e subordinación) do galego en Galicia se reproduce en Internet en toda a súa crueza. A Cibergalicia funciona, a estes efectos, como unha lente de aumento da situación sociolingüística de Galicia, onde a lingua nacional, nesta Nova Orde Lingüística imposta pola Nova Orde Mundial, fica oprimida e minguante entre a lingua española dominante do poder inmediato e a lingua inglesa superdominante da globalización (Fishman 1998), tanto cando se considera a proporción de páxinas por habitante (Táboa 4), coma cando se considera a proporción de páxinas por falante (Táboa 5).

No mundo real, alén da Internet, a lingua galega en Galicia está sufrindo un proceso gradual de substitución lingüística en prol do castelán ó que as institucións públicas non saben ou non queren contribuír a poñer freo. O factor clave desta substitución lingüística é que os pais galegos e as nais galegas deixan de transmitir o galego ás súas fillas e fillos (Ramallo 2000); deciden utilizar o castelán na súa relación con elas e eles porque o consideran unha lingua máis útil e de maior prestixio. Estes fillos e fillas de lingua primeira castelá, que poden alcanzar o bilingüismo en galego en diversos graos dependendo do seu hábitat e dos seus estudos, ó alcanzaren a categoría de pais e de nais van transmitir de xeito natural a súa primeira lingua, é dicir, a castelá, perpetrándose así o lingüicidio do galego da maneira máis efectiva. A hexemonía do inglés na comunicación internacional contribúe a favorecer esta tendencia ó suicidio lingüístico colectivo do galego, proporcionando outra lingua útil e de prestixio que pode ser situada nunha escala superior á do galego no imaxinario colectivo da comunidade falante.

No mundo de Internet, as cousas non son moi diferentes. A pesar de que existe a percepción de que o galego “vende” (Ramallo e Rei Doval 1997), de acordo cos datos fornecidos por Romero e Vaquero (2001:275), que reproduzo na Táboa 6, a maioría das empresas galegas utilizan só o castelán (57%) nas súas webs ou unha versión bilingüe inglés-castelán (23%), e só unha minoría incorporan o galego (14%) sempre en combinación con estoutras dúas linguas.

Lingua	Porcentaxe
Só castelán	57%
Castelán-inglés	23%
Castelán-galego-inglés	7%
Castelán-galego	4%
Castelán-inglés-outras	4%
Castelán-galego-inglés-outras	3%
Só inglés	2%

Táboa 6: Lingua das páxinas web de empresas galegas

#### 4. Internet e o futuro do galego

Os datos presentados no apartado anterior presentan un panorama preocupante do uso lingüístico actual do galego en Internet. Emporiso, como escribe Nunberg (2000), “o importante non é simplemente en qué cantidade se utiliza unha lingua, senón por qué e cando a utiliza a xente, e qué representa iso na súa percepción da identidade social”<sup>13</sup>. Nos seguintes parágrafos, e ó fio da reflexión de Nunberg, hei tratar de expor con claridade as razóns que fan que o grao de incidencia en Internet sexa algo tan importante para calquera lingua e, particularmente, para o galego. A cuestión, expresada con inocente sinxeleza, é: ¿como pode afectar ó futuro do galego a súa posición en Internet?

##### 4.1. Internet e a normalización lingüística do galego

A resposta a esta pregunta pode ser local ou global. Desde o punto de vista local galego, o grao de incidencia do galego en Internet ten unha relación directa co seu grao de normalización. Unha lingua normalizada é a que se utiliza en todos os ámbitos e rexistros. Por mor da súa relevancia social, a presenza dunha lingua nos medios de comunicación é fundamental para acadar a súa normalización. Entre os diversos medios de comunicación (cine, prensa, radio, televisión e Internet), Internet é o que ten, sen dúbida, unha maior proxección de futuro, xa que, gracias á súa tecnoloxía multimedia, pode acubillar no seu seo a todos os outros medios.

No caso de Internet, ademais da visibilidade social que lle outorga a unha lingua a súa presenza nos medios de comunicación, cómpre sumar o valor engadido do prestixio da lingua escrita, en combinación co prestixio e utilidade da tecnoloxía. De cara á recuperación da transmisión familiar e, polo tanto, de cara ó detemento da súa extinción lingüística, un factor moi importante para o galego é que se incremente a percepción social do seu prestixio e utilidade. Por conseguinte, unha política lingüística dirixida á normalización do galego non habería de esquecer a promoción do seu uso en Internet, en toda a gama dos contidos informativos e recreativos que se ofrecen na arañeira.

Por outra banda, desde o punto de vista global, para que unha lingua estea normalizada ten que ter unha identidade e unha presenza internacional recoñecida e respectada. Nun mundo globalizado, a política lingüística dunha lingua ten que aspirar á globalidade desde a súa localidade. Desde este punto de vista internacional, Internet é o medio de comunicación con maior público potencial, xa que o seu alcance é global. Unha páxina publicada en Internet pode chegar a unha poboación mundial conectada estimada de 544 millóns de internautas (cifra estimada pola empresa consultora Nua en febreiro de 2002), aínda que evidentemente esta poboación mundial de internautas non estea repartida dun xeito homoxéneo por todo o planeta<sup>14</sup>. A Táboa 7 recolle os datos

---

<sup>13</sup> A traducción ó galego desta cita, e mais das seguintes dentro do corpo do artigo, é responsabilidade do autor deste traballo.

<sup>14</sup> Dentro do Estado Español, consonte os datos públicos fornecidos polo “Estudio General de Medios” (AIMC 2001) sobre a penetración de Internet nas Comunidades Autónomas durante o período de outubro de 2000 a maio de 2001, Galicia presentaría un dos índices de uso de Internet máis baixos de todo o Estado. De acordo con este estudio, os índices de penetración de Internet por Comunidades serían os seguintes: Castela-A Mancha (11’2%), Galicia (12%), Aragón (13’5%) Extremadura (13’7%), Castela-León (14’3%), Murcia (14’8%), Cantabria (15’6%), Andalucía (16’6%), Canarias (17’5%), Navarra

fornechos pola empresa Nua sobre a poboación internauta, repartida por zonas do planeta ([http://www.nua.net/surveys/how\\_many\\_online/index.html](http://www.nua.net/surveys/how_many_online/index.html)). Internet permite que as linguas e culturas minoritarias das nacións sen estado coma a galega poidan expresarse globalmente, poidan ser coñecidas e recoñecidas a nivel internacional (Mensching 2000).

Canada e EEUU	181'23 millóns
Europa	171'35 millóns
Asia/Pacífico	157'49 millóns
América Latina	25'33 millóns
Oriente Medio	4'65 millóns
África	4'15 millóns
<b>Total mundial</b>	<b>544'2 millóns</b>

*Táboa 7: Persoas conectadas a Internet*

Desde este punto de vista global, a calidade e cantidade da presenza dunha lingua en Internet é o espello virtual da súa comunidade lingüística a nivel planetario. Citando a Alain Clavet, da Comisión Delegada para as Linguas Oficiais de Canadá, “o lugar que ocupan os contidos das diferentes linguas na autoestrada da información é un índice da vitalidade lingüística, cultural, económica e política das persoas que as utilizan” (Clavet 1999).

En resumo, a normalización lingüística do galego (e mesmo a súa supervivencia) está estreitamente relacionada coa presenza de contidos en lingua galega en Internet, por tres importantes razóns. En primeiro lugar, porque a presenza do galego nos medios de comunicación é imprescindible para a súa normalización, e Internet é o medio de comunicación por excelencia dos nosos tempos. En segundo lugar, porque o incremento da percepción social do prestixio e utilidade do galego é imprescindible para a recuperación da súa transmisión lingüística familiar, e a presenza do galego en Internet garante o incremento necesario desa percepción de prestixio e utilidade. En terceiro lugar, porque o galego precisa dunha identidade e unha presenza internacional recoñecida e respectada, e a presenza do galego en Internet asegura a difusión necesaria para o seu coñecemento e recoñecemento a nivel global.

## **4.2. Internet e a planificación lingüística**

A promoción do uso do galego en Internet desde os poderes públicos require, como parte da planificación lingüística encamiñada á normalización do seu uso, o deseño dunha estratexia nacional de resistencia fronte á globalización lingüística no espacio de Internet. Esta resistencia do cibergalego contra o ciber inglés e contra o cibercastelán non se opón en absoluto á comunicación intercultural; simplemente parte do convencemento de que a especificidade cultural e o respecto entre as diversas culturas son as condicións necesarias para unha comunicación axeitada e en igualdade de condicións (Lockard 1996).

---

(18'5%), Asturias (19'1%), Comunidade Valenciana (20'1%), Baleares (20'3%), País Vasco (20'7%), Madrid (22'8%), A Rioxa (22'9%) e Cataluña (24'8%).

As estratexias de resistencia contra o ciberínglés non son propias en exclusiva das linguas minoradas, senón máis ben todo o contrario. Son ben coñecidas a política lingüística de Francia e Canadá en prol do francés; a de Alemaña en prol do alemán, canalizada a través do Instituto Goethe; e a do Estado Español en prol do castelán<sup>15</sup>, centralizada ó redor do Instituto Cervantes. A análise de Pedro Maestre (1999:191), como Director do Centro Virtual Cervantes do Instituto Cervantes, resulta diáfana: “a situación que as diferentes linguas e os diferentes países van ocupando en Internet é un claro expoñente do seu desenvolvemento e da posición que han alcanzar ó longo do século XXI. Non estar en Internet ou non estar con penetración suficiente será síntoma evidente de ter perdido o tren do desenvolvemento e da modernidade”. Como di o sociolingüista americano Joshua A. Fishman (1998), “se as grandes comunidades lingüísticas optan por manter as súas propias linguas ante a globalización, non debería sorprender a ninguén que moitas comunidades máis pequenas teñan o mesmo obxectivo”. Isto é, se os españois, os franceses e os alemáns poden globalizarse mantendo a súa lingua, ¿por que as galegas e os galegos non han de ter a mesma aspiración? Probablemente, estamos a falar dun novo dereito lingüístico: o dereito das linguas a se defenderen da homoxeneización lingüística compañeira da globalización<sup>16</sup>.

## 5. Conclusións

Internet favorece a centralización dos poderes mediáticos e económicos e a implantación global do neoliberalismo. Neste senso, o espazo das linguas e culturas minoritarias está fortemente ameazado. Por número de falantes, o castelán, o portugués, o francés, o alemán, o árabe, o ruso ou o chinés, que gozan dun mercado económico e cultural amplo, teñen máis posibilidades de resistencia fronte ó ciberínglés có galego, o noruegués, o húngaro ou o eslovaco, con mercados moito máis limitados. Fronte ás leis crúas do mercado, e a vontade imperialista das linguas dominantes (inglés e castelán, no caso do galego), a única defensa posible é a defensa do dereito á diferenza. A pluralidade das linguas e das culturas merece ser defendida contra a homoxeneización globalizadora que favorece modelos globais de consumo baseados nas culturas dominantes no ámbito da economía global, e que (contrariamente ó que pregoa o seu aparato ideolóxico) impide o intercambio cultural e a mestizaxe.

A planificación nacional da supervivencia e desenvolvemento da lingua e cultura galega está en mans do noso goberno autonómico, do que debemos reclamar accións urxentes e efectivas de política lingüística e cultural para a sociedade de información. Cheguen ou non cheguen estas medidas, como persoas implicadas na defensa da pluralidade lingüística e da riqueza cultural que codifica e serve para expresar a nosa lingua,

---

<sup>15</sup> En palabras do propio Rei de España, no discurso de inauguración do “II Congreso Internacional de la Lengua Española” (Valladolid, 16 de outubro de 2001): “Vivimos en un mundo en el que el progreso tecnológico ha dado lugar a una sociedad conectada a través de sofisticadas redes y medios de comunicación que hacen posible transmitir información de forma masiva e inmediata a todos los rincones del planeta. Pero no podemos olvidar que [en] esa nueva y compleja sociedad de la información, el instrumento básico seguirá siendo el idioma, herramienta última de la comunicación. De ahí la importancia del desafío que para todos nosotros supone la defensa y potenciación del español en el mundo. Quizás ahora más que nunca, la lengua se ha convertido en un poderoso utensilio, cuyo enorme valor debemos aprovechar”. Discurso dispoñible en <http://www.casareal.es/casareal/lengudi1.html>.

<sup>16</sup> Pódese consultar a elaboración dos diversos conceptos relacionados coa defensa da linguodiversidade e dos dereitos lingüísticos humanos nos traballos de Skutnabb-Kangas e Phillipson 1994, Tsuda 1997, Pennycook 2000, Posey 2001 e Bastardas 2002, entre outros.

podemos contribuír á maior presenza do galego en Internet introducindo contidos na rede no noso idioma: “o importante é transformarse de espectadores en actores, e participar no destino do noso futuro cultural e lingüístico cos medios que a tecnoloxía pon ó noso alcance. Se non entramos nós no xogo, outros decidirán o noso futuro” (Pimienta 2000).

### Referencias bibliográficas

- Achebe, Chinua (1975). “The African Writer and the English Language”. En *Morning Yet on Creation Day*, pp. 55-62. Londres: H.E.B.
- AIMC (2001). *Estudio general de medios. EGM 2ª ola 2001: abril-mayo. Audiencia de Internet*. [<http://www.aimc.es>]
- Ashcroft, Bill, Gareth Griffiths e Helen Tiffin (1989). *The Empire Writes Back: Theory and Practice in Post-Colonial Literatures*. Londres: Routledge.
- Bastardas, Albert (2002). “Política lingüística mundial a l’era de la globalització: diversitat i intercomunicació des de la perspectiva de la ‘complexitat’”. En *Noves SL. Revista de Sociolingüística*. [<http://cultura.gencat.net/llengcat/noves>]
- Bergman, Michael K. (2001). “The Deep Web: Surfacing Hidden Value”. *The Journal of Electronic Publishing*, 7 (1). [<http://www.press.umich.edu/jep/07-01/bergman.html>]
- Castelao, Alfonso R. (1986). *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia (Ed. orixinal: Buenos Aires: As Burgas, 1944).
- Clavet, Alain (1999). “The Government of Canada and French on the Internet: Special Study, August 1999”. *INET 2000 Proceedings*. [[http://www.isoc.org/inet2000/cdproceedings/8k/8k\\_1.htm](http://www.isoc.org/inet2000/cdproceedings/8k/8k_1.htm)]
- Ferrer i Gironès, Francesc (1985). *La persecució política de la llengua catalana (Història de les mesures preses contra el seu ús des de la Nova Planta fins a avui)*. Barcelona: Edicions 62.
- Fishman, Joshua A. (1998). “The New Linguistic Order”. En O’Meara, Patrick, Howard D. Mehlinger e Matthew Krain (eds.), *Globalization and the Challenges of a New Century: A Reader*, pp. 435-442. Bloomington: Indiana University Press.
- Grimes, Barbara F. (2000). *Ethnologue. Languages of the World*, 14ª ed. Versión para Internet. [<http://www.sil.org/ethnologue/>]
- Junyent, Carme (1996). “Ngugi wa Thiong’o: Punt de referència per a la revalorització de les llengües africanes”. *Europa de les nacions*, 30, pp. 4-10.
- Lockard, Joe (1996). “Resisting Cyber-English”. *Bad Subjects*, 24. [<http://eserver.org/bs/24/lockard.html>]
- Maestre, Pedro (1999). “La utilización de las diferentes lenguas en Internet”. En *El español en el mundo: anuario del Instituto Cervantes 1999*, pp. 187-239. Madrid: Instituto Cervantes.
- McFaul, Cathryn (2001). “Can the Subaltern Speak if She Doesn’t Have a Modem?”. En Martín Lucas, Belén e Ana Bringas López (eds.), *Challenging Cultural Practices in Contemporary Postcolonial Societies*, pp. 103-110. Vigo: Feminario Teorías da Diferencia da Universidade de Vigo.
- Mensching, Guido (2000). “The Internet as a Rescue Tool of Endangered Languages. The Sardinian”. [<http://www.gaia.es/multilinguae/pdf/guido.pdf>]
- Murray, Brian H. e Alvin Moore (2000). *Sizing the Internet: A White Paper (July 10, 2000)*. [[http://www.cyveillance.com/web/us/downloads/sizing\\_the\\_internet.pdf](http://www.cyveillance.com/web/us/downloads/sizing_the_internet.pdf)]

- Ngugi wa Thiong'o (1986). *Decolonising the Mind: The Politics of Language in African Literature*. Londres: James Currey e Heinemann.
- Ngugi wa Thiong'o (1993). "Imperialism of Language: English, a Language for the World?". *Moving the Centre: The Struggle for Cultural Freedom*, pp. 30-41. Londres: James Currey e Heinemann.
- Nunberg, Geoffrey (2000). "Will the Internet Always Speak English?". *The American Prospect*, 11 (10). [<http://www.prospect.org/>]
- Ogundele, Wole (2001). "Language, Theory, and Modern African Literature: Some More Questions". En Okafor, Dubem (ed.), *Meditations on African Literature*, pp. 17-34. Westport e Londres: Greenwood.
- Pennycook, Alastair (2000). "English, Politics, Ideology: From Colonial Celebration to Porcolonial Performativity". En Ricento, Thomas (ed.), *Ideology, Politics and Language Policies: Focus on English*, pp. 107-119. Amsterdam: John Benjamins.
- Phillipson, Robert (1992). *Linguistic Imperialism*. Oxford: Oxford University Press.
- Phillipson, Robert (1998). "Linguicism: Structures and Ideologies in Linguistic Imperialism". En Skutnabb-Kangas, T. e J. Cummins (eds.), *Minority Education: From Shame to Struggle*, pp. 339-358. Clevedon: Multilingual Matters.
- Pimienta, Daniel (2000). "Y-a-t-il un espace dans l'Internet pour les langues et les cultures non-américaines? Le cas du monde latin". [<http://funredes.org/francais/publicaciones/index.php3/docid/70.html>]
- Posey, Darrel A. (2001). "Biological and Cultural Diversity: The Inextricable, Linked by Language and Politics". En Maffi, Luisa (ed.), *On Biocultural Diversity: Linking Language, Knowledge, and the Environment*, pp. 379-396. Washington: The Smithsonian Institution Press.
- Ramallo, Fernando F. e Gabriel Rei Doval (1997). *Vender en galego: comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ramallo, Fernando F. (2000). "Rétention et reproduction du galicien". *Lengas*, 47, pp. 97-117.
- Romero, Daniel e Isabel Vaquero (2001). *Da periferia á rede*. Vigo: Xerais.
- Roy, Modhumita (1995). "Writers and Politics/Writers in Politics: Ngugi and the Language Question". En Cantalupo, Charles (ed.), *Ngugi wa Thiong'o: Texts and Contexts*, pp. 165-185. Trenton: Africa World Press.
- Seminario de Sociolingüística (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Skutnabb-Kangas, Tove e Robert Phillipson (eds.) (1994). *Linguistic Human Rights: Overcoming Linguistic Discrimination*. Berlín: Mouton de Gruyter.
- Soto, Luis (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras historias*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- Tsuda, Yukio (1997). "The Hegemony of English and Strategies for Linguistic Pluralism: Proposing the Ecology of Language Paradigm". *HUGG Conference*. [[http://www.toda.org/conferences/hugg\\_hon/hugg\\_hon\\_papers/y\\_tsuda.html](http://www.toda.org/conferences/hugg_hon/hugg_hon_papers/y_tsuda.html)]
- Vehovar, Vasja, Zenel Batagelj e Katja Lozar (1998). "Language as a Barrier". *INET98 Conference*. [[http://www.isoc.org/inet98/proceedings/3i/3i\\_3.htm](http://www.isoc.org/inet98/proceedings/3i/3i_3.htm)]
- Wurm, Stephen A. (2001a). "Contact Languages and the Preservation of Endangered Languages". *Estudios de Sociolingüística*, 2 (2), pp. 1-12.
- Wurm, Stephen A. (ed.) (2001b). *Atlas of the World's Languages in Danger of Disappearing*, 2ª ed. rev. Paris: Unesco/Pacific Linguistics.